

Metodoloxía

2.1. ESTRUTURA DO PROXECTO

O carácter multidisciplinar desta investigación requiriunos efectuar unha estrutura profunda e sistemática do proceso de investigación para permitirmos ensamblar os diferentes niveis de análise nos que dividimos o estudo.

As fases a seguir dentro do estudo artéllanse sobre a base das seguintes liñas:

a. ■ ESTRUTURA DA PLANIFICACIÓN DO ESTUDO.

- a.1. ■ ANÁLISE DA DEMANDA.
- a.2. ■ FONTES DOCUMENTAIS.
- a.3. ■ DELIMITACIÓN DO ÁMBITO.
- a.4. ■ ANÁLISE DAS NECESIDADES FORMATIVAS.
- a.5. ■ ELABORACIÓN DE CONCLUSIÓNS.

b. ■ ESTRUTURA DE VERIFICACIÓN DA CALIDADE INTERNA DO ESTUDO.

a. ■ ESTRUTURA DA PLANIFICACIÓN DO ESTUDO:

a.1. ■ ANÁLISE DA DEMANDA

A implantación de novas tecnoloxías, novos sistemas de organización do traballo, a incorporación de novas normas nacionais e comunitarias, a conservación do medio ambiente e a incorporación de sistemas integrais de calidade para as empresas do sector téxtil e da confección implican o desenvolvemento de novos procesos, novos servizos e produtos, a ampliación de mercados, a prevención de accidentes laborais, a necesidade de incorporar novas tarefas e coñecementos profesionais, e por conseguinte créanse necesidades formativas. Neste sentido, a análise da necesidade da investigación abordarase dende:


1. Os acontecementos que suceden no sector téxtil e da confección nos ámbitos: económico, produtivo, tecnolóxico e laboral.

2. As modificacións que se producen en materia das competencias profesionais a desenvolver polos traballadores.

3. A identificación das diferentes necesidades en materia de formación dos traballadores para a mellora e mantemento das súas competencias e a competitividade das empresas do sector téxtil e da confección.

a.2. ■ FONTES DOCUMENTAIS ESPECÍFICAS DO SECTOR.

Antes de comezar o proceso de investigación, procederáse a consultar unha serie de fontes documentais relativas ao sector téxtil e da confección que servirán para conseguir datos ou informacións que nos acercarán ao sector e a toda a súa problemática e que nos familiarizarán con aspectos que intervirán no desenvolvemento da investigación.



a.3. ■ DELIMITACIÓN DO ÁMBITO:

Realizamos a delimitación do ámbito polos seguintes parámetros:

a.3.1. ■ XEOGRÁFICO: territorio no que se vai levar a cabo o estudo:

A Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, as provincias que a compoñen:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

a.3.2. ■ FUNCIONAL: sector de actividade e áreas funcionais ou fases do proceso que van ser obxecto de estudo dentro do sector téxtil e da confección.

a.3.3. ■ OCUPACIONAL: conxunto de ocupacións con maior presenza no sector e as ocupacións emerxentes e novas que forman parte do estudo e definición destas. Cada ocupación integra:

- Competencias profesionais
- Perfís profesionais
- Necesidades formativas

a.4. ■ ANÁLISE DAS NECESIDADES FORMATIVAS

Os tres niveis secuenciais da investigación artéllanse a través do seguinte itinerario:

1º Nivel de Análise:

- a) EVOLUCIÓN ECONÓMICA DO SECTOR
- b) MATRIZ DAFO
- c) CLASIFICACIÓN DA POBOACIÓN POR COLECTIVOS

Técnicas:

- Fontes documentais específicas do sector
- Prospección inicial das ocupacións
- Entrevista a expertos
- Enquisa directa e entrevista semidirixida ao traballador
- Enquisa directa e entrevista semidirixida ao mando superior

2º Nivel de Análise:

- d) FLUXOGRAMAS DOS PROCESOS PRODUTIVOS SECTORIAIS
- e) ORGANIGRAMA TIPO DAS EMPRESAS DO SECTOR
- f) ESTUDOS DAS PROFESIÓNS. ESTUDO PROFESIOGRÁFICO DO TRABALLADOR TIPO POR OCUPACIÓN
- g) ITINERARIO PROFESIONAL DOS TRABALLADORES DENTRO DO ORGANIGRAMA TIPO
- h) PROSPECTIVA DO SECTOR
 - I. TENDENCIA ECONÓMICA DO SECTOR
 - II. TENDENCIA PRODUTIVA, TECNOLÓXICA E LABORAL
 - III. INFORME DE PROSPECCIÓN CUALITATIVA DAS INNOVACIÓNS TECNOLÓXICAS, NORMATIVAS E ORGANIZATIVAS DO SECTOR
 - IV. TENDENCIAS DAS OCUPACIÓNS E NOVOS ESPAZOS PROFESIONAIS

Técnicas:

- Fontes documentais específicas do sector
- Entrevista a expertos
- Enquisa directa e entrevista semidirixida ao traballador
- Enquisa directa e entrevista semidirixida ao mando superior

3º Nivel de Análise:

- i) NECESIDADES DE FORMACIÓN POR OCUPACIÓN E ESPAZO PROFESIONAL
- j) MAPA DE CURSOS ESPECÍFICOS, TRANSVERSAIS E ESTRATÉXICOS

Técnica:

- Análise dos produtos obtidos nos niveis anteriores

a.5. ■ ELABORACIÓN DE CONCLUSIONES.

As conclusións do estudo están ratificadas a través das reunións de expertos, as cales presentamos de acordo cos seguintes bloques:

- Evolución económica do sector
- Fluxogramas profesionais
- Monografías ocupacionais
- Tendencias produtivas, tecnolóxicas e ocupacionais do sector
- Necesidades formativas

b. ■ ESTRUCTURA DE VERIFICACIÓN DA CALIDADE INTERNA DO ESTUDO.

Validarase o nivel da calidade da investigación a través de:

- Reunións de expertos

Este tipo de reunións utilizarémolas para valorar os datos que obteñamos na elaboración do estudo polos expertos do sector e, ao mesmo tempo, corrigir os distintos erros cometidos durante a realización deste. Neste caso os participantes han de proporcionar a información necesaria para completar os aspectos que non puideramos concretar durante a investigación.

A reunión de expertos trátase dunha técnica empírica cualitativa de aproximación á realidade social. A reunión de expertos aplicada á investigación ocupacional constitúe unha toma de contacto dos resultados do estudo coa realidade.

Os produtos elaborados durante o estudo presentaranse a expertos procedentes de:

- Representantes de asociacións empresariais
- Xerentes de PEMES do sector
- Xerentes de empresas líderes do sector
- Instrutores de formación profesional e ocupacional
- Representantes de organizacións sindicais

1.- OBXECTIVOS

Obxectivo do estudo:

- ◇ Determinación das necesidades formativas en función da incidencia da evolución do sistema produtivo e das innovacións tecnolóxicas nas ocupacións existentes e nas novas ou emerxentes no sector téxtil e da confección.

Obxectivos xerais:

- ◇ Aplicar unha metodoloxía de investigación para coñecer as necesidades formativas dos traballadores en función das novas funcións esixidas no sector.
- ◇ Coñecer a evolución económica do sector téxtil e da confección.
- ◇ Coñecer os colectivos e as condicións laborais dos traballadores do sector.

- ◇ Obter as funcións e capacidades que os traballadores do sector desenvolven.
- ◇ Definir as esixencias profesionais e requirimentos esixidos aos traballadores en función da evolución do sector.
- ◇ Coñecer as continuas innovacións en novas tecnoloxías, en técnicas organizativas, e incorporación de normativas legais que orixinan cambios nas estruturas empresariais e nas competencias no sector.
- ◇ Establecer as necesidades formativas a cubrir das distintas ocupacións do sector.

2.2. DESENVOLVEMENTO METODOLÓXICO

2.2.1. TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN.

Para elaborar o estudo empregamos diversas técnicas de investigación, como son:

- **Análise documental:** realízase unha análise das fontes documentais encontradas, relativas ao sector téxtil e da confección en Galicia.
- **Entrevista a expertos:** consiste en conversar directamente con expertos do sector téxtil, co fin de coñecer a súa estrutura sectorial, o seu posicionamento dentro dun marco económico xeral, características das tendencias laborais e dos posibles cambios que se están producindo e se producirán, consultando expertos, entre os que figurarán directivos/xerentes de empresas do sector, docentes ocupacionais, representantes de asociacións empresariais e representantes das organizacións sindicais.

Para realizala, optouse pola entrevista aberta semidirixida. Resulta evidente que a máxima interacción persoal posible entre o *suxeito investigado* e o *suxeito investigador* se produce na situación da chamada *entrevista aberta*, isto é, unha entrevista *libre* na que se pretende afondar nas opinións personalizadas dun caso individual fronte a calquera cuestión (neste caso estarían orientadas sobre o sector téxtil e as súas necesidades). Fundamentalmente, tal tipo de entrevista consiste nun diálogo directo e espontáneo.

- **Enquisa directa e entrevista aberta semidirixida ao traballador.** A enquisa é o instrumento máis utilizado para obter datos na investigación formativa. Malia a súa rixidez, pois trátase dunha listaxe de preguntas que se han de formular de idéntica maneira a todos os entrevistados, presenta outras vantaxes que superan claramente os seus inconvenientes. A función do cuestionario no proceso dunha investigación ocupacional pretende, mediante un sistema de notacións, facilitar o exame e asegurar a comparabilidade das respostas. O cuestionario ocupa un lugar preciso no proceso global da investigación e neste caso tratamos de utilizar unha linguaxe familiar para os entrevistados, facendo fincapé na sinxeleza dos termos, sobre todo daqueles que sospeitábamos que podían ser mal interpretados. Con frecuencia, a poboación que se vai enquisar pode ter niveis heteroxéneos de educación, polo que a linguaxe que empreguen uns individuos e outros pode diferir en exceso, o que obriga a prestar unha atención especial á súa utilización.

A entrevista aberta semidirixida, é unha entrevista aberta ou libre na que se pretende afondar nas opinións personalizadas dun caso individual para coñecer “que fai”, “como o fai” e “para que o fai”.

- **Enquisa directa e entrevista aberta semidirixida ao mando superior.** Segue o mesmo esquema que para o traballador e o seu cometido é o de coñecer “que debería facer”, “como o debería facer”, “con que o debería facer” e “para que o debería facer”. Entrevístase o xefe do traballador coa finalidade de comparar as respostas e determinar as carencias, para poder deducir os novos requirimentos esixidos para desempeñar a ocupación.
- **Prospección inicial das ocupacións.** Para coñecer as ocupacións máis importantes existentes nas empresas dos subsectores que compoñen o sector téxtil e da confección, realízase unha enquisa por fax ou e-mail, na que se pregunta sobre as ocupacións existentes nas empresas e o seu grao de importancia.

2.2.2. APLICACIÓN DAS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN.

Unha vez efectuados os traballos preliminares para o desenvolvemento da investigación: constituír o equipo de traballo, formular o estudo, confirmar a metodoloxía de investigación e informar ao sector da realización do estudo (mediante o envío dunha carta de presentación por parte do Instituto Galego das Cualificacións), establecemos un período para a recompilación de fontes documentais, tralo cal, analizamos a mesma para empezar a obter as bases sobre as que empezar a nosa investigación.

En primeiro lugar, elaboramos un guión para realizar a entrevista aberta a expertos, da cal obtemos información xeral sobre a situación estrutural do sector, os cambios tecnolóxicos, organizativos e normativos, a organización do sector e as carencias formativas que se detectan. Unha vez que establecemos o guión para o desenvolvemento da entrevista, contactamos cunha serie de expertos, que se encontraban dentro do perfil de directivos/xerentes de empresas do sector, docentes ocupacionais, representantes de asociacións empresariais e representantes das organizacións sindicais, realizando ao final 24 entrevistas.

Ao mesmo tempo que efectuabamos estas entrevistas, empezamos a realizar a prospección inicial das ocupacións, para a cal se realiza unha enquisa por fax ou e-mail ás empresas tras un primeiro contacto telefónico. Para realizala, obtivemos unha mostra aleatoria simple da poboación de empresas da base de datos que elaboramos e que máis adiante analizaremos. A determinación da mostra obtémola de forma sinxela seguindo o esquema da mostra aleatoria simple. Utilizamos a fórmula de Arkin e Colton para o tamaño establecido, e aplicamos un grao de confianza de 95,5% e unha marxe de erro dun 10%, e obtemos unha mostra de 84 empresas. A esta mostra aplicámoslle unha afixación proporcional en función do grao de representatividade do número de empresas segundo o subsector, quedando este da seguinte maneira:

SUBSECTORES	Nº EMPRESAS	%	ENQUISAS ENVIADAS	ENQUISAS DEVOLTAS
ACABADOS	4	0,79	1	
CONFECCIÓN	399	78,85	66	55
FABRICACIÓN COIRO E PEL	12	2,37	2	1
XÉNERO DE PUNTO	45	8,89	7	5
OUTRAS FABRICACIÓNS	37	7,31	6	3
PREPARACIÓN	8	1,58	1	1
TECEDURÍA DE CALADA	1	0,20	0	
	506	100,00	84	65

■ Fonte: Elaboración propia.

Das enquisas enviadas, temos un 77,38 de respostas. Trala súa análise, vemos que as ocupacións máis representativas do sector téxtil e da confección son:

- Nivel 4: Diseñador/a téxtil
 - Coordinador/a técnico produción de confección
 - Controlador/a calidade en confección
- Nivel 3: Patronista-escalador/a
 - Programador/a téxtil
 - Encargado/a de corte
 - Encargado/a de confección
 - Encargado/a de prancha e acabados
 - Encargado/a de almacén
- Nivel 2: Axudante de patronista/escalador
 - Cortador/a
 - Cosedor/a- ensamblador/a
 - Bordador/a
 - Pranchador/a
 - Revisor/a
 - Almaceneiro/a
 - Tecedor/a xénero de punto por recollida
 - Remallador/a
 - Revisor/a – Reparador/a
- Nivel 1: Empaquetador/a téxtil
 - Peón téxtil

A estes hai que engadirllas, trala análise das entrevistas a expertos, as seguintes:

- Nivel 3: Encargado/a de loxística – almacén
 - Encargado/a de talleres exteriores
 - Técnico/a de compras

DETERMINACIÓN DA MOSTRA

O *Estudo de necesidades de formación do sector téxtil e confección en Galicia* incorpora na súa metodoloxía de análise a realización de entrevistas abertas semidirixidas e enquisas directas no posto de traballo, tanto a traballadores como a mandos intermedios. O número de enquisas a realizar e a súa distribución veñen determinados polo tamaño da poboación, seguido das directrices dunha mostra aleatoria simple.

Tal como se recolle na metodoloxía de traballo, a poboación obxectivo establecé-mola polo volume de empregados rexistrados nas distintas actividades agrupadas no sector téxtil e da confección de Galicia (con CNAE-93 n.º 17 e 18 respectivamente). Como hipótese inicial, engadimos a este grupo o sector 19 (preparación, curtido e acabado de coiro; fabricación de artigos de marroquinería) por ter grandes similitudes co anterior en canto a que moitos dos seus produtos se elaboran ou fabrican dende empresas do propio sector téxtil e confección.

Con este enfoque de partida, a poboación obxecto de estudo da investigación é a seguinte:

Tamaño	Datos	Provincias				Total
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
19<x<30	Nº Empresas	31		5	15	51
	Empregados	776		126	358	1.260
29<x<50	Nº Empresas	55		6	16	77
	Empregados	1.960		213	563	2.736
4<x<10	Nº Empresas	19	1	10	20	50
	Empregados	138	5	74	136	353
9<x<20	Nº Empresas	40	6	15	36	97
	Empregados	572	96	190	513	1.371
x<5	Nº Empresas	71	25	28	48	172
	Empregados	51	17	16	43	127
x>50	Nº Empresas	38		6	15	59
	Empregados	4.638		1.862	1.583	8.083
Total Nº empresas		254	32	70	150	506
Total empregados		8.135	118	2.481	3.196	13.930

■ Fonte: Ardán

Baseándose nos datos ofrecidos por Ardán para o ano 2001 (último ano de referencia para esta fonte estatística), elaboramos unha base de datos na que se recolle distinta información relativa ás empresas de cada sector. A poboación total son 506 empresas, cun volume de traballadores de 13.930 empregados. Estas cifras debemos tomalas con todas as precaucións posibles, pois non refliten probablemente o número total de empresas e traballadores dos distintos subsectores de estudo. Hai que ter en conta que Ardán soamente recolle datos daquelas empresas que superan un determinado volume de facturación, e ademais moitas das entidades rexistradas non ofrecen sempre os datos solicitados. Con estas precaucións en mente, e tendo en conta as cifras expresadas en distinta documentación consultada,

podemos asegurar que a poboación cifrada en Ardán supón unha aproximación altamente representativa do conxunto do téxtil e da confección de Galicia.

Tal como se comentou anteriormente, non sempre dispoñiamos de datos de traballadores de todas as empresas. Co fin de obter unha información máis completa e exhaustiva, e sen perder o carácter científico do estudo, realizamos estimacións obxectivas baseándonos nas tendencias observadas nos últimos anos para o caso puntual de ausencia de información, tendo en conta ademais, cando así fose posible, o volume de facturación das empresas. Con todas estas técnicas de axuste chegamos a unha cifra global de número de traballadores do sector de 13.930, dato que vai supoñer o tamaño da poboación a estudar.

O cadro resumo exposto na páxina anterior mostra unha distribución da poboación por provincias e tamaño de empresa (medido este por volume de traballadores). Esta clasificación responde, en realidade, á necesidade posterior de distribuír a mostra do estudo por estas dúas variables.

A partir da información recollida en diversos apartados do estudo económico, e principalmente das diferentes entrevistas realizadas a expertos do sector, conséntase unha ampla representatividade dentro das actividades enmarcadas no subsector da confección (en volume de empregados, por exemplo, representa un 80% aproximadamente). En segundo lugar, encóntranse as actividades de xénero de punto, cun peso algo superior ao 10%. A parte residual engloba ao resto de actividades recollidas nos códigos CNAE 17, 18 e 19, de escasa importancia e peso en Galicia.

Por esa razón, sobre todo, a análise ocupacional e as enquisas a posto de traballo e mandos intermedios céntranse precisamente nas ocupacións presentes nas actividades de confección e xénero de punto. Desta forma, acoutamos a poboación obxecto de estudo nestas actividades, polo cal a cifra de empregados que a conforman é de 12.307 traballadores.

A distribución final da poboación segundo as dúas variables a considerar, tamaño empresarial e provincia, queda como segue:

Tamaño	Datos	Provincias				Total
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
19<x<30	Nº Empresas	28		4	12	44
	Empregados	698		99	286	1.083
29<x<50	Nº Empresas	51		6	9	66
	Empregados	1.796		213	324	2.333
4<x<10	Nº Empresas	16		10	17	43
	Empregados	115		74	117	306
9<x<20	Nº Empresas	36	4	15	32	87
	Empregados	525	63	190	454	1.232
x<5	Nº Empresas	64	20	25	42	151
	Empregados	45	10	10	31	96
x>50	Nº Empresas	36		6	12	54
	Empregados	4.363		1.862	1.032	7.257
Total Nº Empresas		231	24	66	124	445
Total Empleados		7.542	73	2.448	2.244	12.307

A determinación da mostra obtémola de forma sinxela seguindo o esquema da mostraxe aleatoria simple. Utilizando a fórmula de Arkin e Colton para o tamaño establecido, e aplicando un grao de confianza de 95,5% e unha marxe de erro de 3,5%, obtemos unha mostra de 769 traballadores. Este será o tamaño mostral das enquisas ao posto de traballo e mandos intermedios.

A súa distribución proporcional segundo provincias e empresas (clasificadas por tamaño) é a seguinte:

TAMAÑO	PROVINCIA				TOTAL
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
$X < 5$	3	1	1	2	6
$4 < X < 10$	7	0	5	7	19
$9 < X < 20$	33	4	12	28	77
$19 < X < 30$	44	0	6	18	68
$29 < X < 50$	112	0	13	20	146
$X > 50$	273	0	116	64	453
TOTAL	471	5	153	140	769

■ Fonte: Elaboración propia

Neste proceso de estratificación obviamos intencionadamente a distribución de enquisas por subsector ou actividade (neste caso confección e xénero de punto). É indiscutible que esta variable de estudo debe ser un referente na elaboración do estudo, pois a representatividade deste implica necesariamente estudar e analizar os subsectores e actividades recollidos. Agora ben, de cara a asegurar a realización de todas as enquisas (demasiado dependente da dispoñibilidade das empresas) co fin de obter un resultado obxectivo e axustado á realidade, e sen esquecer a necesidade de analizar todas as ocupacións mencionadas, tomamos a decisión de non cerrar a mostra por subsectores, e dar unha maior facilidade á realización das enquisas. Iso evidentemente non implica obviar esta variable na análise.

Unha vez determinada a mostra, elaboramos os soportes das enquisas en función da información que queremos obter, que neste caso conteñen as preguntas necesarias para poder desenvolver os produtos dos colectivos do sector, as competencias profesionais e os perfís das ocupacións. Terminados os soportes, establecemos os perfís dos enquisadores e realizamos a súa selección. Unha vez elixidos, planeamos unha xornada con eles para formalos, na que se lles explica a enquisa, os obxectivos que nos propoñemos con ela e a metodoloxía para realizala, dándolles un dossier explicativo de todo iso. Ao mesmo tempo, o equipo administrativo empeza a contactar coas empresas para realizar un calendario de visitas para os enquisadores. Comezado o proceso, mantemos contacto diario cos enquisadores, convocándoos unha vez cada semana para solucionar os problemas que lles poidan xurdir e mellorar o enfoque dado á enquisa inicialmente.

Para o tratamento das enquisas, elaboramos un programa informático, o cal recolle toda a información que despois tratamos, estatisticamente unha parte e documentalmente outra.

Tratada toda a información, desenvolvemos as competencias e perfís das ocupacións que se encontran principalmente dentro do nivel 2, aínda que hai algunhas excepcións debido á importancia que teñen no sector téxtil e da confección e aos cambios que están sucedendo nel, como son: deseñador/a téxtil, patronista - escalador/a e programador/a téxtil. Engadímoslles a estas na súa elaboración ideal as ocupacións emerxentes detectadas no sector, como son: encargado/a de loxística – almacén, encargado/a de talleres exteriores e técnico/a de compras. Desta forma, a relación de ocupacións por niveis que analizamos é a seguinte:

Analizadas na súa vertente real e ideal:

Nivel 4: Nivel 4: Deseñador/a téxtil

Nivel 3: Patronista - escalador/a
Programador/a téxtil

Nivel 2: Cortador/a
Cosedor/a - ensamblador/a
Bordador/a
Pranchador/a
Revisor/a
Almaceneiro/a
Tecedor/a xénero de punto por recollida
Remallador/a
Revisor/a – Reparador/a

Analizadas na súa vertente ideal:

Nivel 3: Encargado/a de loxística – almacén
Encargado/a de talleres exteriores
Técnico/a de compras

Elaborados todos os produtos do segundo nivel de análise, estudámoslos e imos tomando as bases para o desenvolvemento das necesidades formativas e o mapa de cursos resultante. As necesidades formativas establecémoslas a partir da análise das competencias reais e ideais, dos perfís reais e ideais e das tendencias produtivas, organizativas, das innovacións e laborais.

Para verificar a calidade interna do estudo, realizamos dúas reunións de validación coa asistencia na primeira delas de:

- Representantes de asociacións empresariais
- Xerentes de PEMES do sector
- Instrutores de formación profesional e ocupacional
- Representantes de organizacións sindicais

Validándose os produtos:

- EVOLUCIÓN ECONÓMICA DO SECTOR
- MATRIZ DAFO
- FLUXOGRAMAS DOS PROCESOS PRODUTIVOS SECTORIAIS
- ORGANIGRAMA TIPO DAS EMPRESAS DO SECTOR

Na segunda validación asistiron:

- Representantes de asociacións empresariais
- Xerentes de PEMES do sector
- Xerentes de empresas líderes do sector
- Instrutores de formación profesional e ocupacional
- Representantes de organizacións sindicais

Validándose os produtos:

- CLASIFICACIÓN DA POBOACIÓN POR COLECTIVOS
- ESTUDOS DAS PROFESIÓN. ESTUDO PROFESIOGRÁFICO DO TRABALLADOR TIPO POR OCUPACIÓN
- ITINERARIO PROFESIONAL DOS TRABALLADORES DENTRO DO ORGANIGRAMA TIPO
- PROSPECTIVA DO SECTOR
- NECESIDADES DE FORMACIÓN POR OCUPACIÓN E ESPAZO PROFESIONAL
- MAPA DE CURSOS ESPECÍFICOS, TRANSVERSAIS E ESTRATÉXICOS

Todo isto pódese resumir no seguinte cadro:

ETAPAS	ACCIÓNS
FORMULAMENTO ESTRUTURA	
ANÁLISE DA DEMANDA	Recoller e clasificar información sobre a necesidade da investigación para establecer os aspectos principais desta.
FONTES DOCUMENTAIS	Recoller e clasificar información de tipo documental e estatístico sobre a situación e innovacións do tecido económico empresarial no sector.
OBXECTIVOS	Definir obxectivos xerais.
DESEÑO DE VARIABLES	Establecer as variables de función da información necesaria para a consecución dos obxectivos.
DETERMINACIÓN DAS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN	Selección das técnicas de investigación por niveis de información a recoller.
INVESTIGACIÓN E ANÁLISE	
ELABORACIÓN DOS SOPORTES	Elaboración dos medios de recollida de datos: <ul style="list-style-type: none"> • Enquisas prospección ocupacións. • Entrevistas expertos. • Enquisas a posto de traballo.
SELECCIÓN DA MOSTRA	Establecer criterios de selección do tamaño da mostra e tipo de mostraxe a partir das características da poboación.
APLICACIÓN DAS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN	Formación dos enquisadores e aplicación das técnicas.
TRATAMENTO DE DATOS	Se realizará por medio dun programa informático deseñado para a investigación.
ANÁLISE DE DATOS	Establécense tres niveis de análise: <ol style="list-style-type: none"> 1. Estrutura do sector. 2. Establecemento de esixencias profesionais reais e ideais e tendencias do sector. 3. Análise de necesidades formativas.

PRODUTOS

ELABORACIÓN DOS PRODUTOS 1ª FASE

Desenvolvemento dos distintos apartados relacionados coa estrutura do sector, os fluxos dos procesos que se dan e os organigramas tipo das empresas.

1ª REUNIÓN DE VALIDACIÓN

Validación de calidade interna dos produtos elaborados na 1ª fase:

- EVOLUCIÓN ECONÓMICA DO SECTOR.
- MATRIZ DAFO.
- FLUXOGRAMAS DOS PROCESOS PRODUCTIVOS SECTORIAIS.
- ORGANIGRAMA TIPO DAS EMPRESAS DO SECTOR.

ELABORACIÓN DOS PRODUTOS 2ª FASE

Desenvolvemento dos distintos apartados relacionados co establecemento de esixencias profesionais reais e ideais e tendencias do sector e a análise das necesidades formativas.

2ª REUNIÓN DE VALIDACIÓN

Validación de calidade interna dos produtos elaborados na 2ª fase:

- CLASIFICACIÓN DA POBOACIÓN POR COLECTIVOS.
- ESTUDOS DAS PROFESÍONS. ESTUDO PROFESIOGRÁFICO DO TRABALLADOR TIPO POR OCUPACIÓN.
- ITINERARIO PROFESIONAL DOS TRABALLADORES DENTRO DO ORGANIGRAMA TIPO.
- PROSPECTIVA DO SECTOR.
- NECESIDADES DE FORMACIÓN POR OCUPACIÓN E ESPAZO PROFESIONAL.
- MAPA DE CURSOS ESPECÍFICOS, TRANSVERSAI E ESTRATÉXICOS.

PRESENTACIÓN DO INFORME FINAL E A METODOLOXÍA DE TRABALO